

## **EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 25 DE XANEIRO DE 2012**

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día vinte e cinco de xaneiro deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DON XOSÉ ANTÓN BAO ABELLEIRA, DONA SONIA MÉNDEZ GARCÍA, DON LUIS MANUEL ÁLVAREZ MARTÍNEZ, DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, DON LINO JOSÉ GONZÁLEZ-DOPEÑO GARCÍA, DONA PAZ ABRAIRA SOBRADO, DON JOSÉ MANUEL DÍAZ GRANDÍO e DON FRANCISCO JOSÉ FRAGA LÓPEZ. Actúa como Secretario o Concelleiro-Secretario da Xunta de Goberno Local, don Lino José González-Dopeseo García, e asisten á sesión o Secretario Xeral do Pleno, don José Antonio Carro Asorey, e o Interventor Xeral Municipal, don Marcial Rodríguez Toajas, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

**ACTA.-** Apróbase a acta da sesión da Xunta de Goberno Local, correspondente ao día 18 de xaneiro de 2012.

### **ÁREA DE URBANISMO**

**1. LICENZAS DE ACTIVIDADE E DE OBRAS.-** Acórdase a concesión da licenza municipal de instalación e apertura dun almacén de materiais de construción, fontanería, saneamento, calefacción e equipamento para baños e cociñas, na rúa dos Carpinteiros, número 12 (parcelas 96-97, subdivisión 12).

Acórdase a concesión das seguintes licenzas municipais de instalación: da actividade de taller e parque de maquinaria agrícola e de licenza de legalización de construción para taller e parque de maquinaria agrícola na estrada N-640, KM 87,5, Pedreda- A Campiña e para legalización e ampliación de almacén frigorífico no lugar de Xián, número 7, Santiago de Saamasas.

**2. LICENZAS URBANÍSTICAS.-** Acórdase a concesión das seguintes licenzas: para ampliación e modificación de implantación da actividade e obra con licenza 1268/07 do Hospital Lucus Augusti, sito en San Cibrao; para acondicionamento interior e construción de entresollado para cociña do Hospital Lucus Augusti, sito en San Cibrao; para instalación por período de dous anos de torre de medición eólica para control de datos meteorolóxicos, en solo clasificado como rústico, en Labio, Polígono 394, parcela 38; para ampliación en profundidade de foso para ascensor, apertura de oco no tellado da planta cuarta e modificación do oco da

porta de acceso ao ascensor en todas as plantas no edificio sito en solo urbano, na rúa Bolaño Rivadeneira, números 1-3 e para legalización de xerador fotovoltaico conectado a rede con saída nominal de 7,5 KW e seguidor solar, en Lamaboa, número 7, San Xoán do Campo.

Acórdase a denegación de licenza de construción de edificio na rúa Illa Madeira e avda. Padre Gómez.

### **ÁREA DE ALCALDÍA, RECURSOS HUMANOS E PROTECCIÓN DA COMUNIDADE**

**3. PERSOAL.-** Acórdase o recoñecemento dos servizos extraordinarios levados a cabo por persoal adscrito ao servizo de extinción incendios e a aprobación da forma de compensación.

### **ÁREA DE ECONOMÍA, EMPRENDEMENTO, AUTÓNOMOS E EDUCACIÓN**

**4. CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.-** Acórdase a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares así como da adxudicación por procedemento aberto contratación da explotación da cafetería restaurante no edificio Mirador do Parque Rosalía de Castro e a apertura do procedemento de adxudicación.

**5. FACENDA LOCAL.-** Acórdase a regularización da situación tributaria en concepto de taxa pola prestación de servizos urbanísticos, ao declararse a caducidade do expediente de licenza para construción de alpendre aberto en San Vicente de Pías, 13.

Acórdase estima en parte a solicitude formulada na que insta a anulación da liquidación número 4501198, en concepto de taxas pola prestación de servizos urbanísticos e imposto sobre construcións, instalacións e obras, por importe total de 395,47 €, ao renunciar á licenza de obras outorgada para unión de dúas vivendas en dúplex no edificio sito na rúa Ferreiriños, 5.

Tamén se acorda a regularización da situación tributaria en concepto de taxa pola prestación de servizos urbanísticos, ao abeiro da sentenza firme número 240/2011 do Xulgado do Contencioso Administrativo número 2 de Lugo, pola que se concede a licenza solicitada para legalización de reforma e ampliación de vivenda unifamiliar sita na rúa Illa de Eivisa, 9.

**Fóra da orde do día, e tras a declaración de urxencia previa, adóptanse os seguintes acordos:**

- Acórdase a incoación de expediente de resolución de contrato por mutuo acordo na contratación das obras de rexeneración de firmes en diversas parroquias do Concello de Lugo.
- Acórdase a aprobación da memoria programa de rehabilitación no Recinto Histórico de Lugo, fase XIII, e da correspondente “ficha” resumo en modelo do Ministerio de Fomento.
- Acórdase a rectificación dos erros producidos no acordo da Xunta de Goberno Local número 22/864, na sesión celebrada o día 28 de decembro de 2012, polo que se acordou aprobar a aceptación da doazón realizada por don Juan Gómez Jurado, consistente en 970 exemplares (libros e outras publicacións) segundo a valoración establecida polo interesado de 21.665 € e a súa posterior catalogación para ulterior uso polas persoas usuarias das dependencias municipais, Casa da Xuventude.

Lugo, 26 de xaneiro de 2012  
O CONCELLEIRO-SECRETARIO,

Asdo.: Lino José González-Dopeso García